I

Cando eu tiña seis anos, unha vez vin nun libro sobre a Selva Virxe que se titulaba «Historias Vividas», unha magnífica estampa. Representaba unha serpe «boa» tragando unha fera.

Dicíase no libro: «As serpes 'boas' tragan a súa presa enteiriña de todo, sen mastigala. Despois non se poden mover e dormen durante os seis meses que tardan en face-la dixestión».



Matinei eu entón moito sobre as aventuras da xungla, e cun lápiz de cores conseguín traza-lo meu primeiro debuxo. O meu debuxo número 1. Era así:



Ensinéille-la miña obra de arte ás persoas maiores e pregunteilles se o meu debuxo lles metía medo.

Respondéronme: «¿Por que nos vai meter medo un sombreiro?»

O meu debuxo non representaba un sombreiro. Representaba unha serpe «boa» facendo a dixestión dun elefante. Entón debuxei o interior da serpe «boa» para que as persoas maiores puidesen comprender. Os maiores necesitan sempre explicacións. O meu debuxo número 2 era así:



As persoas maiores aconselláronme que deixase os debuxos de serpes «boa», ben as pintase por dentro ou por fóra, e que me interesase máis pola xeografía, a historia, o cálculo e a gramática. Foi deste xeito como abandonei, ós seis anos de idade, unha magnífica carreira de pintor. Quedara desalentado polo fracaso dos meus debuxos números 1 e 2. As persoas maiores nunca comprenden nada por si soas e é fastidioso para os nenos terlles que andar dando sempre explicacións.

Tiven, pois, que elixir outro oficio e aprendín a pilotar avións. Voei un pouco por todo o mundo. E a xeografía, é certo, serviume de moito. Á primeira ollada sabía distinguir China de Arizona. Isto é moi útil se se perde un na noite.

Ó longo da miña vida tiven montóns de contactos con montóns de xente seria. Vivín moito entre persoas maiores e téñoas visto moi de preto. Non mellorei gran cousa a miña opinión sobre elas.

Cando me atopaba con alguén que me parecía lúcido, facía con el a experiencia do meu debuxo número 1, que conservei sempre. Quería saber se se trataba dunha persoa verdadeiramente comprensiva. Pero sempre me respondían: «É un sombreiro». Entón xa non lle falaba nin de serpes «boas», nin

de selvas virxes, nin de estrelas. Púñame á súa altura e faláballe de bridge, de golf, de política e de gravatas. Todos quedaban sempre encantados de coñecer un home tan asisado.